

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE EDUCACIÓN FÍSICA

CURSO 2021-22. CPI DE PONTE CARREIRA

Debido á publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, hai que realizar unha serie de modificacións na programación didáctica deste curso.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

a) Concrecións metodolóxicas para a ESO

No período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño realizarase un traballo de reforzo co alumnado que teña a materia suspensa e de ampliación e afondamento co alumnado que teña a materia aprobada.

En concreto, realizarase un plan individualizado de recuperación para reforzar as unidades didácticas nas que cada persoa presente dificultades. O alumnado que teña aprobada a materia terá a posibilidade de mellorar voluntariamente a súa cualificación mediante un traballo de ampliación e afondamento nalgunha ou nalgunhas das unidades didácticas traballadas durante o curso.

b) Criterios sobre a avaliación e cualificación para a ESO

- Procedemento para acadar a nota da terceira avaliación

O procedemento será o que xa figura na programación didáctica, igual para todas as avaliacións.

- Procedemento para a recuperación das partes da materia non superadas

As actividades de recuperación e as probas teóricas e prácticas que deberá realizar cada estudante concretaranse no informe de avaliación individualizado que se realizará ao finalizar a terceira avaliación.

- Procedemento para acadar a nota final

No caso do alumnado que xa superara a materia, a cualificación do traballo de ampliación fará media aritmética coa media acadada nas tres avaliacións trimestrais.

No caso do alumnado coa materia pendente, a cualificación das probas de recuperación fará media aritmética coa media acadada nas tres avaliacións trimestrais. A cualificación das probas de recuperación será a media aritmética entre a proba teórica e as probas prácticas.